



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ANUNCIO

CONCELLO DE BETANZOS

ASUNTO: Decreto ampliación prazo presentación ofertas na licitación da concesión demanial para o uso privativo dos postos do inmovible de titularidade municipal, Mercado Municipal de Abastos

EXPEDIENTE: 2024/C006/000011

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Publicación do anuncio de licitación na plataforma de contratación do sector público en data 28/07/2025 da licitación da concesión demanial para o uso privativo dos postos do inmovible de titularidade municipal, Mercado Municipal de Abastos, cun prazo inicial de presentación de ofertas de 2 meses dende a publicación do anuncio de licitación no BOP da Coruña.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. A alcaldía do Concello de Betanzos é competente para ditar o presente acordo de ampliación de prazo de presentación de ofertas en virtude das competencias que ostenta en materia de contratación.

SEGUNDA. De conformidade co artigo 136 da Lei 9/2017, do 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público, “os órganos de contratación fixarán os prazos de presentación das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato, e respectando, en todo caso, os prazos mínimos fixados nesta Lei”.

TERCEIRA. De conformidade co artigo 32.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (de aplicación supletoria aos procedementos de contratación) a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Ampliar o prazo inicial de presentación de ofertas na licitación da concesión demanial para o uso privativo dos postos do inmovible de titularidade municipal, Mercado Municipal de Abastos nun mes, resultando a data do fin de prazo de presentación de ofertas o 23 de outubro de 2025

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución na plataforma de contratación do sector público

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, a 22 de setembro de 2025

A alcaldesa, María Barral Varela